



**RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE DECEMBRO DE 2018  
POLA QUE SE CONVOCA 1 AXUDA PARA PARTICIPAR  
NO PROGRAMA ERASMUS+ KA107 PARA PROFESORES  
NO CURSO ACADÉMICO 2018/2019 NO MARCO DO  
PROGRAMA ERASMUS+ KA107 CON EXIPTO PARA  
PROFESORES (STA)**

A Universidade de Vigo, en tanto que institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para participar no programa Erasmus+, asinou un convenio de subvención co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) con número 2017-1-ES01-KA107-037557 para financiar mobilidades de profesores no marco da convocatoria 2017 do programa Erasmus+, acción KA107 con Exipto.

En virtude deste convenio e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade e vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar axudas en réxime de concorrencia competitiva para participar no programa Erasmus + KA107 con Exipto no curso académico 2018-19, de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordear a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 20 de novembro de 2018

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

María Isabel Doval Ruiz

**ANEXO I**

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS + ACCIÓN KA107. DENTRO DO CONVENIO 2017-1-ES01-KA107-037557. MOBILIDADES CON EXIPTO  
CURSO 2018-19**

**1. OBXECTO**

Estas axudas teñen por obxecto apoiar ao profesorado da Universidade de Vigo na realización de estadias para impartir docencia (STA) dentro dun programa de estudos conducente á obtención dun título en algunha das seguintes entidades receptoras:

- Arab Academy for Science, Technoloy and Maritime Transport
- University of Beni Suef

**2. REQUISITOS**

Poderá participar na presente convocatoria o persoal docente que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter relación contractual como persoal docente e investigador coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadia, no programa de doutoramento DocTIC.
- b) Non poderá participar nesta convocatoria o persoal laboral con contrato de investigación sen docencia no POD.
- c) Ser cidadá/n dalgún dos 28 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Turquía e a Antiga República Iugoslava de Macedonia) ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- d) Contar coa invitación da universidade solicitada para a estadia docente
- e) Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

As axudas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Ley 38/2003 de 17 de noviembre, General de Subvenciones*.

**4. CARACTERÍSTICAS E DURACIÓN DAS AXUDAS**

A duración mínima será de **cinco días** que se xustificarán como días de desenvolvemento da actividades máis 2 días de viaxe.

As estadias deberán realizarse antes do **31 de xullo de 2019**.

## 5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A Universidade de Vigo consignou un máximo de 2.000 euros na aplicación orzamentaria 2019ORI1121DEXT16200 para financiar a estadia de docencia Erasmus+ KA107. Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o *Reglamento de la Ley 38/2003 de 17 de noviembre, General de Subvenciones* no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Deste xeito, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Universidade de Vigo para o ano 2019 no momento da resolución da concesión.

A contía a recibir polo profesor/a seleccionado/a será:

- a. Contía por manutención-apoio individual: 1.120€ (160 €/día)
- b. Contía por viaxe: pódese elixir algunha destas opcións:
  - i. Importe de 530 €: neste caso a persoa seleccionada estará obrigada a xestionar a viaxe e presentar facturas e billete de avión de ida e volta
  - ii. Billete de avión xestionado pola propia Universidade. Nesta caso, o importe máximo non poderá superar a contía total de 880 euros. Esta contía total inclúe os 530 € de axuda de viaxe e 350 € de organización da mobilidade que se reciben por cada participante.

O pago realizarase nun só prazo, o 100 % do importe correspondente, unha vez que o/a docente, asine e presente na ORI a aceptación da bolsa no prazo establecido e o convenio de subvención que lle será enviado desde na ORI.

As condicións económicas estarán establecidas no convenio que se asine entre a Universidade de Vigo e o beneficiario/a segundo o modelo proporcionados polo SEPIE.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude en liña atópase na Secretaría Virtual, dentro do apartado Formularios e Enquisas: <https://seix.uvigo.es/uv/web>.

Unha vez enviada a solicitude en liña deberá imprimir unha copia e presentala debidamente asinada nos rexistros da Universidade ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación:

- 1.- Carta de invitación ou copia dunha mensaxe de correo electrónico que verifique a aprobación da estadia docente por parte da universidade de destino.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o **18 de xaneiro de 2019**.

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.

Para os efectos de comunicación, como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio uvigo.es. Este será o enderezo que se ceda ás universidades de destino.

Co fin de axilizar o proceso, os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro da Universidade de Vigo deberán comunicar esta circunstancia a *outgoing.ori@uvigo.es* no mesmo día da súa presentación achegando una copia escaneada da solicitude co comprobante do envío en prazo.

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada persoa candidata de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a Universidade de Vigo é responsable.

Os datos serán tratados para a xestión das subvencións e para finalidades relacionadas co programa Erasmus+, tanto informativas como para procesos de selección desta convocatoria e outras con fins semellantes e serán enviados ao SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación). A persoa candidata poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF á Unidade de Relacións Internacionais, Universidade de Vigo.

## 7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os seguintes datos en poder das administracións públicas, para o que deberá expresar o seu consentimento na solicitude:

- Estar ao corrente de pago coa SS.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias para a solicitude de subvencións e axudas.

No caso de que as persoas interesadas non consintan esta consulta ou as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá presentar os documentos que acheguen información.

## 8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando o formulario de alegacións, dirixido á Oficina de Relacións Internacionais, nos rexistros da Universidade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección, de acordo coa seguinte prioridade:

- 1º. O persoal docente que realice unha estadía docente no estranxeiro no marco do programa Erasmus por primeira vez.
- 2º. A/s persoa/s responsable/s do proxecto.
- 3º. Os/as docentes que recibiran ou teñan confirmada a recepción de persoal entrante ou estudantes do proxecto KA107 con Exipto.
- 4º. O persoal docente que impartan docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao
- 5º. O persoal docente que sexa funcionario de carreira ou contratado laboral fixo.
- 6º. No caso de empate, seguirase a orde alfabética a partir da letra G vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 17 de xaneiro de 2018 (DOG do 26 de xaneiro).

A Comisión de Selección está integrada por:

Presidente: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI

Vogal: Cristina Vázquez Pérez, Xefa de Negociado da ORI

Secretaria: M<sup>a</sup> Teresa Arce Aramendi, Xefa de Área da ORI

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de solicitudes seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar, nos rexistros da universidade, alegacións no prazo de **3 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de solicitudes seleccionadas e en lista de agarda, se procede**, ao Vicerreitor de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos rexistros da Universidade e no portal de bolsas da web da universidade e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pdi/mobilidade>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a concesión da bolsa no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia.

A renuncia a unha praza aceptada con anterioridade deberá ser comunicada á ORI por escrito.

As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

## 10. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- a. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.
- b. Entregar na ORI a documentación requirida antes da estadía:
  1. Unha copia do convenio de subvención coa a institución coordinadora.
  2. Acordo de mobilidade (Staff Mobility Agreement) asinado por todas as partes e con datas de sinaturas anteriores á realización da estadía.
- c. Entregar na ORI a documentación unha vez finalizada a estadía:

1. Certificado de realización de estadía asinado pola entidade de acollida con indicación de días de estadía e horas de docencia impartidas ou, de ser o caso, participación nalgunha actividade formativa.
  2. Xustificantes dos gastos de viaxe e as tarxetas de embarque. Non serán necesarios xustificantes de gastos de manutención.
- d. Cumprimentar e enviar a enquisa UE (EU Survey) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para cumprimentalo.
- e. Solicitar o permiso correspondente no seu Departamento.
- f. Tramitar e aboar os gastos do seu seguro e se é necesario o seu visado e de achegar unha copia á ORI.

#### **11. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS**

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade que se establecen nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar ao consorcio a contía indebidamente percibida.